

EXCURSIÓN FIN DE CURSO 5º- 6º



15 DE XUÑO

- A saída está prevista para as 9:00h., o día 15 de xuño.
- Sairemos con destino a Lugo, onde chegaremos ás 10:40h.
- Visitaremos a cidade, en concreto, a muralla e o casco antigo.
- Sobre as 14:00h. xantaremos.
- As 16:00h. iremos ao castro de Viladonga. Onde visitaremos o castro e realizaremos un obradoiro de arqueoloxía.
- Ao rematar sairemos cara ao albergue “Ría de Abres”, onde temos prevista a chegada sobre as 19:00h.
- Ao chegar desfrutaremos das súas instalacións: spa, sala de estar e entorno próximo.

16 DE XUÑO

- Levantarémonos sobre as 8:00h. e almorzaremos.
- Logo iremos facer a ruta de sendeirismo da Vía Verde do Eo (12 km).
- Chegaremos sobre as 13:00h. á Pontenova, onde nos recollerá o autobús.
- O autobús levaranos de volta ao albergue e xantaremos.
- Pola tarde visitaremos Tapia de Casariego ou outro lugar próximo, relaxarémonos e se o tempo o permite bañarémonos na piscina de auga salgada desta localidade.

17 DE XUÑO

- Levantarémonos sobre as 8:00h. e almorzaremos.
- Logo, iremos a visitar a praia das Catedrais.
- Este día non xantaremos no albergue, xa que as profesoras organizarán un pícnic.
- Pola tarde faremos o descenso do río Eo en canoas.
- Ao rematar emprenderemos o camiño de volta á Estrada.

ROUPA E MATERIAL NECESARIO.

Ruta de sendeirismo:

- Botas, impermeable, mochila pequena, roupa para cambiar e gorra.

Canoas:

- Bañador, chanclas (cerradas), camiseta, roupa de recambio e impermeable.

Spa:

- Bañador, toalla, chanclas, gorro de piscina.

Útiles de aseo:

- Champú, xel, pasta de dentes, crema protectora do sol...

OUTRO MATERIAL

- Ademais do material anterior temos que levar toallas para o aseo persoal.
- Roupa e calzado cómodos.
- NON SE PODEN LEVAR CÁMARAS NIN TELÉFONOS MÓBILES.
- AS NOSAS FAMILIAS PODERÁN POÑERSE EN CONTACTO CON NÓS CHAMANDO AOS TELÉFONOS DAS PROFESORAS.

